

|                               |  |
|-------------------------------|--|
| <b>EXPEDIENTE:</b> 8260 / 113 | <b>TIPO EXPTE:</b> CONTRATO MAIOR SERVICIOS    |
|                               | <b>SOLICITANTE:</b> Administración Electrónica |

## INFORME: VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CRITERIOS DE VALOR PARA A ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN XERAL DE LIQUIDACIÓNS E XESTIÓN DE IBI URBANA

Os criterios a analizar son:

Detalle de cada unha das fases e subfases do proxecto, así como os recursos adicados, incluíndo a documentación requirida no punto 4 das PPT.

Valorase a descrición, organización e secuenciamento das actividades, a metodoloxía e os medios humanos consignados, a fin de determinar a capacidade, e calidade e viabilidade do proxecto presentado.

A continuación descríbense as fases e subfases especificadas no PPT así como un resumo das características contidas na documentación presentada polo ofertante.

### Fase de Inicio:

- Oferta AFI: Comprométense a cumprir as especificacións que se describen no apartado 2 das PPT así como a consensuar o seu desenvolvemento e adaptación. Fai unha descrición detallada das actividades principais, a metodoloxía e os medios a empregar tanto no referente os módulos a desenvolver para la xestión de I.B.I como as liquidacións
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

### Fase de análise

#### *Un mapa da arquitectura proposta:*

- Oferta AFI: Propón un modelo baseado no paradigma “cliente-servidor” a tres niveis
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

#### *Un plan de entregas dos diferentes módulos ou funcionalidades.*

- Oferta AFI: Achega un planeamento coas especificacións dos módulos requiridos así como a secuencia da implantación, procedendo primeiro a entrega dos módulos que se utilizará para a xestión das liquidacións en unha segunda fase os que se desenvolverán para a xestión do I.B.I.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

#### *Un plan de xestión dos cambios*

- Oferta AFI: Permite a avaliación para a xestión de cambios e propón o emprego da metodoloxía PDCA( Planea-Desenvolve-Comproba-Desprega)
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

#### *Un plan de probas integral.*

- Oferta AFI: Compromete ao despregue de un sistema paralelo o implantado en produción onde se realicen as probas pertinentes.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

Modelos de: datos e despregue do programa



- Oferta AFI: Aporta documentación da tecnoloxía e as características a utilizar no despregue da aplicación.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

#### Fase de desenvolvemento

Desenvolvemento do código:

- Oferta AFI: En documento anexo especifica os procesos e períodos do desenvolvemento de o código.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

Definición dos casos de proba

- Oferta AFI: Propón un modelo básico de casos de proba de cada un dos procesos tanto dos modulos referentes as liquidacións como do I.B.I.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

Xeración da documentación.

- Oferta AFI: Comprometese o desenvolvemento de manuais técnicos e de usuario con unhas especificacións mínimas(esquema de despregamento ,modelo de datos – Entidade/Relación ,entidades e os seus funcionalidades , clases específicas e xerais así como e o ficheiro Javadoc correspondente)
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

#### Fase de implantación

Plan de posta en marcha

- Oferta AFI: Propón a realización de xornadas de formación nas fases de implantación do sistema.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

Modelo de integración coa aplicación existente

- Oferta AFI: Comprométense a desenvolver os API's necesarios para realizar a integración cos sistemas que se especifican nas PPT.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

Validación e supervisión do programa en condicións de produción.

- Oferta AFI: Propón a identificación de unha serie de indicadores que permitan medir de unha forma obxectiva a implantación do proxecto:
  - Número de inscricións de IBI de cada tipo (Urbana e BICES) e desagregacións polos tipos de gravame diferenciados, así coma onúmero de recibos tras o pase a recadación.
  - Número de bonificacións xeradas de modo automático.
  - Número de bonificacións xeradas de modo manual.
  - Número de liquidacións de exercicio único.
  - Número de liquidacións de exercicio múltiple.
- Informe Valoración : Cumpre os requirimentos esixidos.

### **PROPOSTA PUNTUACIÓN OFERTAS:**

Como consecuencia do análise da documentación presentada propónse arrogar **20 puntos** a oferta presentada pola empresa AFI

Asinado de xeito electrónico O Xefe do Servizo de Administración Electrónica

Antonio Villanueva Guimeráns



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 17/10/2017 09:02

Páxina 2 de 2

Expediente 8260/113

Código de verificación: 2DEC4-E5DE3-B8CCD-82E3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>